

LECTURA E INTERPRETACIÓN DE *A ESMORGA*

Eduardo Blanco-Amor. Bos Aires, 1959.

Ed. Galaxia. Vigo, 1970 (con debuxos de Isaac Díaz Pardo).

Ed. Galaxia. Vigo 1995 (14ª edición, primeira sen censura)

I. ARGUMENTO.

Nunha fría mañá de chuvia, Cibrán sae disposto a afrontar o seu traballo como operario na construción dunha estrada que unirá Ourense a Madrid. As chancas máncanlle os pés. Mentres reflexiona sobre “a *perra* vida do traballador”, atopa ao Bocas e ao Milhomes pelexando, bébedos e mollados. Aínda non sabe que andan fuxidos da xustiza, pero convénceno de que se una a eles na esmorga que levan horas apurando. A partir de aí os tres esmorgantes inician un roteiro instintivo fóra de toda norma social en busca de acubillo ao seco, amparo que só atoparán en bares e prostíbulos. Nesta baixada aos infernos poñerán de relevo os baixos fondos da sociedade e do propio ser humano. Son tres marxinais condenados de antemán que tratan de fuxir da súa orfandade social, económica, familiar e amorosa. Pasarán pola denuncia de todos os estamentos sociais para acabar tentando cumprir os seus desexos entre a fidalguía decadente e bebida. Alí, no Pazo dos Andrade, a súa peregrinaxe tocará ao seu fin: a realidade dunha muller fermosísima á luz do luar trócase nunha boneca fantasmagórica que provocará a frustración e a indignación até o punto de violar a unha inocente, matar a un amigo e morrer matando.

Mais o que non morre deberá expiar as súas culpas ante a xustiza, por iso Cibrán, o Castizo, será o encargado de relatar ante un xuíz cego, xordo e mudo, todo o ocorrido ao longo desas vinte e catro horas líquidas (chuvia, alcohol, lama, suor).

II. ASUNTO/S.

1º ASUNTO: O CONFLITO SOCIAL.

A Esmorga como plasmación dunha realidade sociolóxica.

-**Novela Realista:** “crónica”. ***Documentación, prólogo(páx.: 7, 8, 9, 10)***

-Realismo social: Recreación dunha realidade social alienada nun momento de crise. A través das seguintes denuncias:

1º) Denuncia dunha Galiza colonizada polos de fóra, administrativa, política e economicamente.

a) O Cibrán, na mañá que vai para o seu traballo na “estrada de Madrid”, vai pensando no discurso do Serantes*: na liberación social da súa clase oprimida, cunha **ollada compasiva sobre os traballadores. Cap. II. (Páx. 55).** Pero o encontro cos esmorgantes afásta do seu camiño, producíndose o **afastamento do obreiro do camiño da súa concienciación social pola irrupción dos discursos hedonistas e nihilistas. Cap. I (páx. 18).** Xorde o conflito porque os protagonistas carecen de formación para plantearse isto, **falta nos protagonistas conciencia de clase. Cap. I (páx. 29).**

*Serantes: loitador político e sindical de esquerdas, pero castelán, ou castelanizado.

b) O Cibrán comeza a obra declarando ante un xuíz (símbolo da xustiza) mudo, xordo e, seguramente, metaforicamente, cego; denúnciase polo tanto **a orixe estranxeira dos cargos da administración. Cap. I (páx. 11) .**

c) O Cibrán e os outros dous esmorgantes, na súa disparatada rota por Auria, atoparán dous tipos de burgueses, primeiro a burguesía foránea representada polos **maragatos, que mostran unha actitude absolutamente antigalega, dando pé ao inicio da violencia social, pola súa falta de solidariedade cos pobres e a súa complicidade co poder. Documentación, prólogo (páx. 7) e Cap. I (páx. 34).** En segundo lugar atopan a Pepe o Cabito, administrativo do Concello, nun prostíbulo, e temen que os delate. Este personaxe representa á **pequena burguesía autóctona virada de costas para o país. Cap. III (páx. 86).**

2º) Denuncia dunha Galiza colonizada cultural e lingüisticamente.

a) A **opresión lingüística** detéctase na obra a través da fala dos personaxes, conscientes de estaren a falar nunha lingua distinta , por iso de cando en vez tentan falar na lingua dos seus dominadores, na lingua do poder. Xorden entón o **castrapo** **Cap. I (páx. 22)** e a **diglosia**, ironizada polo autor ao facer falar a unha prostituta fina namorada do Bocas en castelán, **Cap. III (páx. 83)**.

b) A **colonización cultural** invádeo todo, mesmo os aspectos máis tradicionais como o personaxe literario do **cego**, que trata de verter as súas cantigas ao castelán, provocando un resultado ridículo. **Cap. III (páx. 85)**.

3º) Denuncia da actitude violenta das forzas policiais.

Ao longo da súa declaración ante o xuíz, o Cibrán quéixase en numerosas ocasións das **torturas e malos tratos aos que é sometido no cárcere**, sen que este atenda as súas queixas ou se moleste en ollar as pegadas da violencia no seu corpo. **Cap. V (páx. 124)**. Esa violencia no uso da forza policial chega a acptarse **como algo normal**, entendendo que o comportamento das forzas de orde debe ser así. **Cap. IV (páx. 113)** . Finalmente, no fragmento final da obra o narrador-autor desta “crónica” conta como o Cibrán morre a mans da Garda Civil despois de cravarse a si mesmo a navalla para fuxir dos malos tratos do cárcere. **Cap. V (páx. 141)**.

4º) Denuncia dunha fidalguía caduca.

O mundo dos soños e do desexo dos protagonistas da obra, non se dirixe cara a burguesía foránea fachendosa das súas riquezas, senón á clase social que supuxo o pasado glorioso para o país e que se sente, agora, como unha ruína, como o exemplo dun agotamento histórico: a fidalguía. **O Pazo dos Andrada** recórdanos ao pazo do morgado de As Onzas, de Otero Pedrayo. **Cap. IV (páx. 108 e 110)** . **O fidalgo**, que os protagonistas atopan a durmir, é un home bébedo, decrepito e arruinado, único resto da clase social chamada historicamente a dirixir o país. **Cap. IV (páx. 111)**. Finalmente, a imaxe do fidalgo e a súa preciosa **boneca** observada polos tres esmorgantes parece unha alegoría do noso país. **Cap. IV (páx. 117-118)**.

2º ASUNTO: O CONFLITO MORAL.

A Esmorga como plasmación dun relato alegórico.

-**Novela psicolóxica**, arredor dun personaxe que concentra a tensión entre dous polos opostos, que o acaban por converter en vítima, tanto dos de embaixo como dos de enriba. Sen esquecer que os de embaixo tamén son vítimas do hedonismo que os leva ao nihilismo, á auto-destrución e ao aniquilamento.

A		B
Civilización		Primitivismo
Xuíz	Cibrán	Bocas e Milhomes
Lei		Instinto

-**Novela alegórica**, simbólica, baseada en tres símbolos que caracterizan ao protagonista:

1. O camiño que Cibrán inicia de madrugada.
2. A estrada que Cibrán está a construír.
3. As zocas ou chancas que tanto molestan a Cibrán nos pés.

1º) O camiño que Cibrán inicia de madrugada é a metáfora do seu destino. Cada paso que dá vai acompañado das reflexións da súa conciencia, o que lle dá ao protagonista un carácter dubitativo, existencialista, agónico. O protagonista da novela moderna é un individuo problemático, que non está seguro de cales son as súas metas nin os valores polos que loita, sometido ás presións do ambiente e da época que lle toca vivir. Vive nunha eterna dúbida existencial. Parece como se o heroe moderno fose un home doutra época e a súa traxedia consistise en ter que vivir os novos tempos, tempos en que xa nada do vixente noutra época conserva algún sentido. Cibrán debe escoller e esa escolla, para poder ser libre, é a base do seu conflito moral:

A	B
sentido común	instinto
traballo (valor moral positivo)	ruada (esmorga) (valor moral negativo)
mundo real	mundo desexado

consciente	viaxe polos baixos fondos da sociedade e polo inconsciente
orde social burguesa	aspiración obreira

2º) A estrada que Cibrán está a construír, deseñada por un enxeñeiro de Madrid, é o obxectivo do camiño que o protagonista emprende na primeira madrugada do relato, representa a imposibilidade de acceder a unha vida pracenteira se non se forma parte da burguesía adiñeirada. É dicir, de Cibrán e de todos os traballadores da estrada o que queren e a plusvalía do seu traballo, como se de animais ou escravos se tratase. Cibrán e todos os traballadores están condenados de antemán. Por iso pódese entender a actitude de Cibrán de escoller a ruada (a esmorga) como unha actitude de rebeldía ante a estrutura social burguesa e capitalista, mais a súa escolla lévao ao fracaso porque o hedonismo, o pracer de vivir fuxindo da realidade (a través do alcohol, por exemplo) só lles está permitido aos burgueses. O fracaso de Cibrán e o fracaso de toda a sociedade galega: traballadores marcados pola súa orixe, a súa lingua e a súa incultura..., condenados de antemán a sometemento ou ao nihilismo.

A	B
estrada de Madrid	trazado urbano de Auria
camiño á civilización	ruada polos baixos fondos da sociedade
camiño duro	herba mol (grazas ao alcohol)

3º) As zocas ou chancas son o elemento que impedirá camiñar a Cibrán pola molestia que lle causan nos pés. Este feito será empregado polo personaxe como desculpa ante si mesmo para non ir ao traballo. As chancas son o símbolo do impedimento para que o home, Cibrán, avance no seu camiño, prospere na súa vida. Esas chancas son a civilización na súa cara de violencia social e explotación, e a ferida de Cibrán é a ferida da humanidade mancada polas normas da civilización.

A	B
chancas	pés nus
vivir dentro da moral	vivir fóra das moralinas sociais

1º ASUNTO: A Esmorga como plasmación dunha realidade sociolóxica. O CONFLITO SOCIAL		2º ASUNTO: A Esmorga como plasmación dun relato alegórico. O CONFLITO MORAL													
1º) Denuncia dunha Galiza colonizada polos de fóra, administrativa, política e economicamente		A Civilización Xuíz Lei	B Primitivismo Bocas e Milhomes Instinto												
2º) Denuncia dunha Galiza colonizada cultural e lingüisticamente		1º) O camiño que Cibrán inicia de madrugada <table><tr><td>A</td><td>B</td></tr><tr><td>sentido común</td><td>instinto</td></tr><tr><td>traballo (valor moral positivo)</td><td>ruada (esmorga) (valor moral negativo)</td></tr><tr><td>mundo real</td><td>mundo desexado</td></tr><tr><td>consciente</td><td>viaxe polos baixos fondos da sociedade e polo inconsciente</td></tr><tr><td>orde social burguesa</td><td>aspiración obreira</td></tr></table>		A	B	sentido común	instinto	traballo (valor moral positivo)	ruada (esmorga) (valor moral negativo)	mundo real	mundo desexado	consciente	viaxe polos baixos fondos da sociedade e polo inconsciente	orde social burguesa	aspiración obreira
A	B														
sentido común	instinto														
traballo (valor moral positivo)	ruada (esmorga) (valor moral negativo)														
mundo real	mundo desexado														
consciente	viaxe polos baixos fondos da sociedade e polo inconsciente														
orde social burguesa	aspiración obreira														
3º) Denuncia da actitude violentamente represiva das forzas policiais		2º) A estrada que Cibrán está a construír <table><tr><td>A</td><td>B</td></tr><tr><td>estrada de Madrid</td><td>trazado urbano de Auria</td></tr><tr><td>camiño á civilización</td><td>ruada polos baixos fondos da sociedade</td></tr><tr><td>camiño duro</td><td>herba mol (grazas ao alcohol)</td></tr></table>		A	B	estrada de Madrid	trazado urbano de Auria	camiño á civilización	ruada polos baixos fondos da sociedade	camiño duro	herba mol (grazas ao alcohol)				
A	B														
estrada de Madrid	trazado urbano de Auria														
camiño á civilización	ruada polos baixos fondos da sociedade														
camiño duro	herba mol (grazas ao alcohol)														
4º) Denuncia dunha fidalguía caduca que só serve para manter as fantasías doutros tempos		3º) As zocas ou chancas <table><tr><td>A</td><td>B</td></tr><tr><td>chancas</td><td>pés nus</td></tr><tr><td>vivir dentro da moral</td><td>vivir fóra das moralinas sociais</td></tr></table>		A	B	chancas	pés nus	vivir dentro da moral	vivir fóra das moralinas sociais						
A	B														
chancas	pés nus														
vivir dentro da moral	vivir fóra das moralinas sociais														
III. TEMAS E FUNCIÓN ALEGÓRICA DE CADA PERSONAXE															
Xuíz Lei Silencio	Cibrán Dúbida Texto	Milhomes: A homosexualidade Bocas: O impulso primitivo Lola, a Viguesa: O amor mundano Boneca do pazo: O amor ideal Socorríto: A tolemia													

IV. PERSONAXES.

Cada personaxe tamén ten a súa función alegórica:

Xuíz	Cibrán	Milhomes: A homosexualidade
Lei	Dúbida	Bocas: O impulso primitivo
Silencio	Texto	Lola, a Viguessa: O amor mundano
		Boneca do pazo: O amor ideal
		Socorríto: A tolemia

Todos os personaxes aparecen caracterizados de dúas maneiras: O NOME e A DESCRICIÓN (directa ou indirecta, a través das accións que realiza).

Todos eles aparecen denominados por un alcume popular, que téñen carácter simbólico xa que busca hilaridade, compaixón ou rexeitamento. A través dos nomes dos personaxes móstrase unha realidade degradada e noxenta, case unha caricatura esperpéntica da mesma. (Neo-realismo).

1. O xuíz. O primeiro personaxe da novela é xuíz, o interlocutor de Cibrán na súa longa declaración (5 cap.), mais é mudo, só aparece definido por un trazo ou guión seguido de silencio. As intervencións deste personaxe (símbola da xustiza: cega, xorda e muda) podémolas deducir do propio discurso de Cibrán.

2. O Cibrán. Cipriano Canedo: O Cibrán, O Castizo (porco semental, que posuía seu pai), O Tiñica (tivera tiña), O Puchapodre (ocultara a súa cabeza baixo un pucho).

É o narrador e o protagonista da historia, o personaxe que expón ante o xuíz o relato detallado dos feitos que aconteceron e que son obxecto de avaliación por parte da xustiza. A súa presenza no relato é contraposta á do xuíz: se o xuíz é un personaxe mudo, que carece de voz ao longo da novela, Cibrán é a voz do texto.

Desde o comezo, ao atoparnos ante un individuo que está a declarar ante un xuíz, sabemos que ese personaxe é, presuntamente, autor dun delito, pero descoñecemos os feitos de que o acusan; o que lle dá intriga á novela. Por outra banda, Cibrán parece obrar como **Lázaro de Tormes** tomando o **caso** desde o comezo (cando saía para o traballo e desviouse do seu camiño) para que se comprenda o asunto final, a morte dos esmorgantes, a traxedia.

Cap. I (páx. 19).

Cibrán é un fillo marxinal da sociedade á que pertence: pai emigrado en Cádiz, nai vella e cansa, irmán tamén emigrado, irmá doente dunha enfermidade mental, como o propio protagonista. Esa doenza mental que el chama “pensamento” maniféstase a través de ataques epilépticos o que leva ao personaxe a refuxiarse no alcohol como única saída. **Cap. IV (páx. 103-104).**

Cibrán é o primeiro personaxe literario galego cuxa ocupación é ser obreiro urbano. B-A foxe do mundo rural e dos campesiños, quere entregarnos unha visión do mundo do proletariado galego, sometido a condicións laborais e existenciais miserábeis.

Neste mundo miserábel no que habitan os perdedores como Cibrán, este atopa unha raiola de luz no seu amor pola Raxada e o fillo de ambos,

Lisardiño. É a ilusión nunha nova vida con eles o que mantén ao protagonista na eterna dúbida existencial, evitando caer no hedonismo e no nihilismo, até que xa non soporta máis a tortura das forzas policiais e el mesmo se quita de diante cunha navalla.

3. O Milhomes. Eladio Vilarchao: O Milhomes (por contraposición irónica ao seu carácter afeminado), O Papaganduxos (un ganduxo é unha costura mal feita, el era xastre), O Maricallas (pola súa homosexualidade), O Setesaias.

Trátase dun personaxe homosexual, caracterizado pola súa propensión ás bromas e aos excesos de carácter erótico; grande bebedor e acostumado aos roubos e ás pelexas. Será a súa condición homosexual burlándose da sexualidade de Cibrán a que dea lugar ao lume do Pazo do Castelo, despois de telo anoxado, Cibrán lanzará o candil acendido que prenderá o lume no pazo.

Cap. II (páx. 66-67) , Cap. II 8páx. 69-70).

4. O Bocas. Juan Fariña: O Bocas, O Alifante, O Peitodemacho. (home corpulento que vence sempre nas súas loitas)

É o líder do grupo, condición que lle vén dada pola súa corpulencia e polo seu mal carácter. A acción da novela comeza co encontro entre o Cibrán e a parella formada polo Milhomes e o Bocas (fuxidos da xustiza), que nese instante atópanse no medio dunha liorta, bébedos e mollados pola chuvia. A pesar das loitas entre os dous hai unha profunda fidelidade amistosa. **Cap. I (páx. 24).** É importante reseñar o carácter maníaco-depresivo deste personaxe. Ten tendencia á depresión e ao ensimismamento. Tamén aparece o seu carácter obsesivo, especialmente no referido á dona do Pazo de Andrada, que desencadeará a traxedia final. Finalmente é preciso destacar a súa actitude arrogante coas prostitutas, especialmente con Lola, a Viquesa, para quen é “mi chulillo”.

V. NARRADORES.

1. O NARRADOR-AUTOR. Aparece só no inicio (**Documentación**), que serve de prólogo á obra, e no final da obra, no último parágrafo, separado do resto por dúas liñas de puntos suspensivos e que serve de epílogo.

Na **Documentación** o autor preséntanos as fontes (como Cervantes no **Quixote**) de onde tirou a historia en busca de maior verosimilitude. Esta parte está narrada en 1ª persoa. O autor fainos ver a historia como algo herdado da mítica dunha comunidade á que el mesmo pertence (**carácter oral**) mais tamén tivo acceso a papeis procesais e vellos boletíns que constitúen a fórmula estilística sobre a que o autor elabora o seu propio texto (**fontes escritas, Crónica**)

Esta primeira intervención do narrador-autor finaliza cunha “captatio benevolentia”. Volve a tomar a palabra nos tres últimos parágrafos do cap. V. para contarnos o óbito do protagonista, que el mesmo non pode contar.

2. O NARRADOR-PROTAGONISTA. Ao estilo da nov. picaresca, Cibrán é o narrador desta historia que ademais el mesmo protagoniza, é, como xa se dixo, a voz do texto a través da súa longa declaración ante o xuíz.

VI. ESPAZO/S.

A *Esmorga* é unha novela de viaxe, itinerante, describe un percorrido etílico-orxiástico ao longo dun día enteiro. Estamos ante un itinerario urbano no que os perigos que encontran os protagonistas non son outros que os derivados da organización social. Como os protagonistas son convitos da xustiza, a viaxe é unha fuxida, e o motivo que late nas mentes dos protagonistas é disfrutar ao máximo do que parece vai ser o derradeiro día de liberdade.

Auria é Ourense. Cos seus lugares fechados e abertos, e coa súa chuvia. Os lugares pechados que acollen aos esmorgantes en busca de pracer e descanso da chuvia son os prostíbulos e os bares (o hedonismo); tamén acceden a espazos fechados diferentes pero que non lles pertencen: os pazos. Os protagonistas carecen de espazo pechado propio, de protección social: son uns marxinados fóra da lei e da organización establecida pola sociedade á que pertencen. Son personaxes orfos, entregados á intemperie da vida, por iso a súa viaxe tamén é unha procura da casa, do amparo.

(espazos urbanos, verosímiles, múltiples, abertos/pechados)

VII. TEMPO/S.

Cibrán é un reo que está a declarar ante un xuíz, polo que todo o que conta é, evidentemente, anterior ao momento da narración (**retrospección temporal**). Así debemos distinguir dous tipos de temporalidades:

1. O que dura a declaración de Cibrán: dous días. (1º día: Cap. I-II e 2º día: Cap. III-IV-V)

2. O tempo que dura o percorrido dos tres esmorgantes (1 día: desde que se atopan os tres ao amencer, ata que o Cibrán é atopado ferido por uns varrendeiros vintecatro horas despois).

Ademais hai que salientar a numerosas historias intercaladas na narración de Cibrán. (**Elisións temporais e ampliacións temporais**). Ex: **o conto do Pazo dos Andrada e a boneca final**. Este conto iníciase no Cap. I Cibrán, desencadeando a obsesión do Bocas até arrastrar aos outros no Cap. IV ao pazo. A desilusión do Bocas ante a boneca provoca a violación de Socorrito a Tola e a loita a navalladas entre Milhomes e Bocas, co conseguinte desenlace trágico da obra.

VIII. ESTRUTURA.

CAPÍTULOS	EPISODIOS	ESTRUTURA	ESPAZO	TEMPO	NARRADR
Prólogo	Orixe documental da historia	Marco	Auria	40 anos despois de recoller a hª e 90 despois do sucesos	Narrador-autor
Cap. I	1. Saída para o traballo. 2. Encontro co Bocas e co Milhomes. 3. Taberna da Tía Esquilacha. 4. Conversa debaixo da ponte. 5. Xardín dos Andrada.	A) I. Inicio da Declaración sen introdución.	-Estrada a Madrid -Taberna da tía Esquilacha -Xardín dos Andrade	Amañecer 1. 2. 3.	Narrador-protagonist a
Cap. II	6. Xunto ao cano da Burga. 7. Bocas e Milhomes dormen. 8. Pazo dos señores do Castelo . 9. Encontro co Pega. 10. Incendio do Pazo.	B) I. Introdución ás 24h. de esmorga. Reunión dos tres esmorgantes	-As Burgas -Pazo dos señores do Castelo -Ferreiría	Mañá 4. 5. 6. 7. 8. 9.	
Cap. III	11. Casa da Morfontina. 12. Casa da Nonó. 13. Fuxida por Ourense. 14. Igrexa de Sta. Eufemia. 15. Fonte do Rei	B) II. N6. Viaxe etílica-orxiástica dos tres esmorgantes. Desde os xardíns do Pazo de Andrade na amañecida até o regreso ao mesmo lugar no luar da noite.	-Casa da Monfortina -Casa da Nonó -Igrexa de Sata. Eufemia -Fonte do Rei	Tarde 10. 11. 12.	
Cap. IV	16. Mesón do Roxo 17. Paseo por Auria. 18. Casa dos Andrade. 19. Encontro co dono. 19. Tentativa de fuxida de Cibrán. 20. Fermosa dona / boneca.	B) III. Desenlace. Frustración: traxedia final dos tres esmorgantes. Violación de Socorrito e pelexa a morte do Bocas e do Milhomes no Campo das Bestas.	-Estrada de Trives -Perto da praza maior -Alameda -Casa dos Andrade -Perto da estación	Media noite 13.	
Cap. V	21. Estación. 22. Ponte Maior. 23. Encontro co Barrigas. 24. Finca do abade das Vellas. 26. Socorrito a Tola.	A) II. Final da declaración sen desenlace.	-Estación -Ponte Maior -Finca do Abade das Vellas -Campo das Bestas	Noite 14. 15. 16. 17. 18. 19. 20. Amañecer 21. 22. 23. 24. 25.	
Epílogo	Explicación documental do desenlace	Marco	Auria	40 anos despois de recoller a hª e 90 despois dos sucesos	Narrador-autor

ACTIVIDADES

1. Abrindo a novela ao chou, a partir dos trazos seguidos de espazos en branco que sinalan as intervencións do xuíz, escribe as palabras que puideron ser ditas.
2. Escolle dous nomes de personaxes e, sen botar man do libro, elabora unha descrición física e psíquica dos mesmos.
3. Explica por que poderíamos chamarlle aos personaxes da novela “doentes”.
4. Idea un realto no que a neve, o vento, a escuridade ou calquera outro fenómeno natural acompañe a evolución dos acontecementos.
5. Busca un mapa de Ourense e traza no mesmo o percorrido dos protagonistas.

FONTES:

-Guía de Lectura. A Esmorga de Eduardo Blanco-Amor. Manuel Forcadela. Ed. Do Cumio (1994)

MÁIS INFORMACIÓN:

- SOBRE O AUTOR:

- o Galipedia: http://gl.wikipedia.org/wiki/Eduardo_Blanco_Amor
- o Biblioteca Virtual Galega: http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=edublanc
- o Praza das letras: <http://prazadasletras.org/letras/autores/autor/799/eduardo-blanco-amor>

- SOBRE A OBRA:

- o Galipedia: http://gl.wikipedia.org/wiki/A_esmorga
- o Praza das letras: <http://www.prazadasletras.org/letras/libros/libro/2/a-esmorga>
- o Roteiro: <http://www.mundourense.com/ocioetempolibre/ocio03.html>
- o Vieiros: <http://www.vieiros.com/nova/77088/a-esmorga-tamen-e-comic-cancion-xogo-de-rol-e-curta-para-mobil>
- o Xornal: <http://www.xornal.com/artigo/2010/10/04/cultura/novela-blanco-amor-esmorga-da-salto-gran-pantalla/2010100413461900431.html>